



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de xaneiro de dous mil dezasete; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dez de xaneiro dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Juan Rafael Alonso Fernandez**, con domicilio na rúa Progreso nº 26, 2º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 10-01-2017 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Pescados Fercon S.L**, con domicilio no Parque Empresarial de San Cristovo, Parcelas 1-5, 9-13, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por



unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 30-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e o Concello de Ribadavia para a entrega dun (1) equipo de excarcelación para tarefas de rescate polos Servizos de Emerxencias, cofinanciado nun 80% polo Feder no Marco do programa operativo Feder 2014-2020, OT 05, prioridade de inversión 05.02, obxectivo específico 05.02.01, liña de actuación 40: dotación de equipamento, instalacións e infraestructuras de protección civil destinadas a prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e fenómenos relacionados co clima.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Federación de Remo para a organización do campionato de España de Remo-Ergometro.

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o club deportivo Aurum para a organización do II Circuito Galego-LXXXII campeonato de Galicia Absoluto Individual e Clubes de Campo a Traves.

CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “ACTUACION NA PONTE ROMANA DE FRANCELOS, CAMIÑO PREXIGUIERO E CAMIÑO PENDURADO EN SAN PAIO”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Actuación na Ponte Romana de Francelos, Camiño Prexigueiro e Camiño Pendurado en San Paio”, remitida pola Deputación Provincial de Ourense e redactada pola Técnico Director da Obra Don Jorge González Fernández, executada pola empresa Construcciones Delfin Ferreiro Rodríguez S.L., por un importe total de 13.006,16 euros.



A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 13.006,16 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Deputación Provincial e Concello de acordo co seguinte desglose: Deputación, 11.349,10 euros e Concello, 1.657,06 euros.
2. Dar traslado dos presente acordo os servicios de Intervención e Tesoureria municipal.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia